

CONFUNDINDO HISTORIAS

Texto de GIANNI RODARI

Ilustracións de ALESSANDRO SANNA

Tradución de G. TOLENTINO

Encadernado en cartón. 22 x 30 cm. 40 páx. 16 €.

PROGRAMA NACIONAL DE LECTURA (SEP México) 2008

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

Confundindo historias (galego)

ISBN 978-84-8464-503-0. Tras os montes.

Confundiendo historias (castelán)

ISBN 978-84-8464-611-2. Libros para soñar.

Un conte embolcat (catalán)

ISBN 978-84-8464-906-9. Kalandraka.

Baralhando histórias (portugués)

ISBN 978-972-8781-74-3. Livros para sonhar.

-Había unha vez una nena chamada Carapuchiña Amarela.

-Non, Vermella.

-Iso, Carapuchiña Vermella.


-A súa nai chamouna e díxolle: "Oes, Carapuchiña Verde..."

El avó interrompe a plácida lectura do xornal para contarlle á neta unha historia que, non por máis clásica, lle resulta menos difícil de narrar. ¿Descoñecemento? En absoluto. O ancián consegue que sexa a pequena a que realmente reproduza o conto a base de corrixir os gazapos que deliberadamente comete o avó porque, 'confundindo historias' é como o enredo se converte nun proveitoso recurso expresivo. Esta peculiar visión de Carapuchiña, ideal para ser contada, é un xogo de humor para o lector e, para os contadores de contos, toda unha lección -útil e sinxela- sobre como sentir a emoción vibrante do público infantil, como lanzarlle un irresistible anzó ante o voraz apetito da súa imaxinación, que o manteña coa atención alerta.



www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** revisión do clásico de Carapuchiña.
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.
- **Aspectos destacables:** formato dialogado, proposta estética con collage; do autor de "Contos por teléfono" (50º aniversario), "Gramática da fantasía", "Inventando números" e "Que fai falta?"; do ilustrador de "Inventando números"; fomentar a participación do lector na narración do conto; creatividade.

Gianni Rodari

(Omegna, Lombardía, 1920 - Roma, 1980)

Político, xornalista, pedagogo e escritor. Gañou o Premio Andersen en 1970. Graduouse en Maxisterio e comezou impartindo clases particulares. Vencellado ao Partido Comunista Italiano, colaborou con varios xornais, como L'Ordine Nuovo e L'Unità, onde desenvolveu a súa paixón pola literatura infantil. Baseou na realidade obras como "O planeta das árbores", pero o humor e o éxito chegaron con "Contos longos coma un sorriso" ou "As aventuras de Cipollino". "Contos a máquina", "Contos por teléfono" e "Contos para xogar" son outras obras mestras, pensadas para versionar a literatura tradicional, demostrar que a brevidade pode xerar boas historias e permitirlle ao lector escoller o final do conto. Das súas visitas a escolas e o traballo cos niños escribiu "Gramática da fantasía" (1973), a súa grande achega á pedagogía contemporánea, coa que transmite a súa revolucionaria e liberadora da literatura.

<http://www.giannirodari.it>

Alessandro Sanna

(Nogara, Italia, 1975)

Pintor e ilustrador. Estudou no Instituto de Arte de Castelmasa (Roma), onde se graduou como profesor de Arte Aplicada; no Instituto Palladio de Verona, onde impartiu clases, tamén obtivo o diploma en Publicidade Gráfica. Ilustrador de libros infantís e xuvenís dende 1996, participou en exposicións de pintura. Gañou a Mención Especial (1999 e 2001) do Concurso Internacional de Ilustración Cidade de Chioggia.

<http://www.alessandrosanna.com>